



**CPR SEMINARIO DIOCESANO
SAGRADO CORAZÓN - LUGO
27006425**

**PLAN DE
CONVIVENCIA
DO CENTRO**

**CURSO
2017-2018**

ÍNDICE

1. DEFINICIÓN.....	5
2. REFERENTES DO PLAN DE CONVIVENCIA.....	6
2.1 Referentes legislativos.....	6
2.2 Referentes do contexto socio-cultural.....	6
2.3 Referentes teóricos.....	7
3. OBXECTIVOS XERAIS, ESPECÍFICOS E CONTRIBUCIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA.....	8
3.1 Obxectivos e contribución do Plan de Convivencia ó desenvolvemento das competencias básicas.....	8
3.2 Contribución do Plan ao desenvolvemento das Competencias Básicas.....	9
4. O ESTILO DE CONVIVENCIA NO SEMINARIO MEOR DIOCESANO DE LUGO.....	11
5. CONTIDOS DO PLAN DE CONVIVENCIA.....	16
5.1 Normas Xerais de Convivencia do Centro.....	16
5.2 Normas Xerais de Convivencia da Aula.....	16
5.3 A aula como lugar de escoita, atención e traballo.....	18
5.4 Protocolos de actuación.....	18
5.5 CRITERIOS XERAIS (RRI).....	20
5.5.1 RESPETO.....	20
5.5.1.1 Ao Ideario do centro.....	20
5.5.1.2 Ao persoal do centro.....	20
5.5.1.3 Aos compañeiros.....	20
5.5.2 RESPONSABILIDADE.....	21
5.5.2.1 Ante o rendemento formativo particular e colectivo.....	21
5.5.2.2 Gardas.....	21
5.5.2.3 Nos modos.....	21
5.5.2.4 Na regulamentación.....	22
5.5.2.5 Coidado do material.....	24
5.5.3 PARTICIPACIÓN en aras de:.....	25
5.5.3.1 A eficiencia do sistema formativo.....	25

5.5.3.2	O Proxecto Educativo do centro	25
5.5.3.3	O bo clima dentro da aula que leve consigo a mellorar o rendemento	26
5.5.4	HÁBITOS SAUDABLES DE VIDA	26
5.5.5	URBANIDADE.....	28
5.5.5.1	Na comunicación	28
5.5.5.2	No protocolo.....	28
5.6	SANCIÓNS	29
5.6.1	RESPEITO	29
5.6.1.1	Ao Ideario do centro	29
5.6.1.2	Ao persoal do centro.....	29
5.6.1.3	Aos compañeiros	30
5.6.2	RESPONSABILIDADE.....	30
5.6.2.1	Ante o rendemento formativo particular e colectivo.....	30
5.6.2.2	Nos modos.....	31
5.6.2.3	Na regulamentación.....	32
5.6.2.4	Ao material	33
5.6.3	PARTICIPACIÓN en aras de:.....	34
5.6.3.1	A eficiencia do sistema formativo	34
5.6.3.2	O Proxecto Educativo do centro	35
5.6.3.3	Creando un bo clima dentro da aula que leve consigo a mellorar o rendemento	35
5.6.4	HÁBITOS SAUDABLES DE VIDA	35
5.6.5	URBANIDADE.....	37
5.6.5.1	Na comunicación	37
5.6.5.2	No protocolo.....	37
5.6.6	DE APLICACIÓN XERAL	38
5.7	SOBRE O PROTOCOLO DE INTERVENCIÓN ANTE MÚLTIPLES INCIDENCIAS.....	38
5.7.1	Das correccións previstas ante faltas leves	38
5.7.2	Da competencia para decidir as correccións previstas no artigo anterior.....	39
5.7.3	Reclamación dos pais ás correccións impostas ante o delegado provincial	39
5.7.4	Designación do profesor instrutor	39

5.7.5	Conduas gravemente prexudiciais para a convivencia do centro	39
5.7.6	Correccións de condutas gravemente prexudiciais para a convivencia.....	40
5.7.6.1	Argumentos paliativos e agravantes	41
6.	DIAGNÓSTICO DA CONVIVENCIA DO CENTRO.....	42
7.	COMISIÓN DE CONVIVENCIA ESCOLAR.....	43
7.1	Integrantes.....	43
7.2	Sentido desta Comisión	43
7.3	Funcións.....	43
8.	SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E PROPOSTAS DE MELLORA DO PLAN DE CONVIVENCIA	45
8.1	Informe sobre as incidencias habituais na convivencia escolar	45
8.2	Actuaciones de seguemento e avaliación en concordancia co Plan de Convivencia da Consellería de Educación.....	45
8.3	Aspectos básicos de avaliación inicial	46
8.4	Avaliación de necesidades.....	46
8.5	Elaboración e posta en práctica do plan: vías de traballo.....	47
9.	BIBLIOGRAFÍA.....	49

1. DEFINICIÓN

A aprendizaxe da convivencia é inherente a calquera proceso educativo. O aprender a convivir nos diferentes ámbitos de socialización é unha das funcións asignadas á educación. Desde xeito, o Plan de Convivencia do Colexio Seminario Diocesano de Lugo é o Documento que explicita o modelo de convivencia polo que opta o Centro, os obxectivos específicos a alcanzar, as normas que o regulan e as actuacións a realizar neste ámbito para a consecución da proposta educativa que fai o Centro. É un Documento aberto, de reflexión e pensamento que recolle as liñas de actuación para mellorar o estilo e a calidade de vida.

A convivencia está configurada por:

- Os diferentes ámbitos de socialización que nela inciden: familia, sistema educativo, grupo de iguais, os medios de comunicación, espazos e instrumentos de lecer, contexto político, económico e cultural.
- Contidos de distinta natureza:
 - Contidos de natureza humana: dereito á vida, paixón de vivir, dignidade, felicidade, esperanza.
 - Contidos de relación: respecto, tenrura, aceptación da diversidade, a non violencia, rexeitamento de calquera forma de discriminación, solidariedade, igualdade.
 - Contidos de cidadanía: os Dereitos Humanos e a xustiza social.

2. REFERENTES DO PLAN DE CONVIVENCIA

2.1 Referentes legislativos

A Consellería de Cultura, Educación e O.U. indica na introducción do *Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar* o seguinte (núm. I e II):

Os artigos 120 e 124 da Lei orgánica 2/2006, na redacción dada pola Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, establecen a autonomía dos centros na elaboración das súas normas de convivencia e das de organización e funcionamento. O mesmo artigo 124 dispón que os centros educativos elaborarán un plan de convivencia no que se recollan todas as actividades que se programen co fin de fomentar un bo clima de convivencia dentro do centro escolar, así como a concreción dos dereitos e deberes do alumnado e das medidas correctoras aplicables en caso de incumprimento das normas de convivencia, considerando que estas son de obrigado cumprimento e as medidas correctoras serán proporcionadas ás faltas cometidas e terán un carácter educativo e recuperador, procurando a mellora nas relacións de todos os membros da comunidade educativa.

[...]

O plan de convivencia é o documento no que se articula a convivencia escolar e as liñas xerais do modelo de convivencia que se pretende implantar, os obxectivos específicos que cómpre alcanzar, as normas que a regulan e as actuacións que se deben realizar neste ámbito para a consecución dos obxectivos proxectados. En definitiva, é un proxecto de reflexión e pensamento en que se sinalan as liñas de actuación para a mellora da convivencia no centro docente, e por iso o proxecto educativo de cada centro incluírá un plan de convivencia que recolla e desenvolva os fins e principios establecidos no artigo 3 da Lei 4/2011 e os regulados nas leis orgánicas sobre a materia. O dito plan de convivencia integrará o principio de igualdade entre mulleres e homes e establecerá, sobre a base dun diagnóstico previo, as necesidades, os obxectivos, as directrices básicas e as actuacións, incluíndo a mediación na xestión dos conflitos, e conterà actuacións preventivas, reeducadoras e correctoras.

Son, por elo, referentes legislativos o citado Decreto e as leis ás que se refire, a saber, a Lei orgánica 2/2006 do 3 de maio, de Educación (LOE); a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar; e a Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE).

2.2 Referentes do contexto socio-cultural

A complexidade da nosa sociedade e os constantes cambios aos que se ve sometida, puxeron de relevo a urxencia de introducir nos centros educativos a prevención e tratamento de conflitos, a cultura de paz e o desenvolvemento de unha cidadanía democrática que facilite a convivencia e ensine desde a experiencia a construír unha sociedade desde as claves da convivencia, o diálogo, a comprensión mutua e a tolerancia. Os centros escolares, como enclaves que son de vida e crecemento persoal, constitúen unha fonte natural de conflitos ou, o que é o mesmo, auténticas oportunidades para aprender a vivir xuntos. A adecuada convivencia no noso Centro, é unha

condición indispensable para a progresiva maduración dos distintos membros da Comunidade Educativa e para a consecución dos obxectivos do Carácter Propio.

2.3 Referentes teóricos

Convivir é vivir do xeito máis positivo con outras persoas, vivir xuntos en paz. Convivencia e paz van intimamente unidas, por iso fálase de educar para a convivencia e a paz positiva.

Esta é unha educación que promove a construción dunha nova cultura, unha nova forma de relacións sociais na que nin a violencia, nin os patróns de dominio-submisión teñen cabida.

A educación para a convivencia é un proceso sistemático ao longo de toda a escolaridade. Un modelo de convivencia democrático está asentado en:

- Estado de Dereito e no cumprimento de todos os Dereitos Humanos para o conxunto da cidadanía. Os Dereitos Humanos optan por un tipo de relacións sociais baseadas na xustiza, a igualdade e a dignidade das persoas.
- Fomentar a participación de todos os sectores educativos, considerando esta como un dereito e unha necesidade do proceso educativo institucional escolar, e como mecanismo de prevención de conflictividade non positiva, e un requisito para poder resolver os conflitos.
- Evitar as medidas de exclusión. É fundamental non desculpar aqueles comportamentos que dificultan unha convivencia positiva, pero si indagar nas causas e comprender o porqué dos mesmos para poder actuar educativamente.
- A convivencia é un fin en si mesma, aprender a convivir é unha das finalidades da educación, ademais dunha das variables que máis influencia ten no éxito en todos os sentidos: persoal, social e académico. Vivir non está exento de conflitos, é máis, os conflitos son ferramentas que nos permiten avanzar, que nos obrigan a profundar nas relacións e aprender estratexias adecuadas para relacionarnos de xeito máis san e satisfactoria. Unha convivencia positiva é a que fai do conflito unha oportunidade e transfórmao en aprendizaxe.

3. OBXECTIVOS XERAIS, ESPECÍFICOS E CONTRIBUCIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA

3.1 Obxectivos e contribución do Plan de Convivencia ó desenvolvemento das competencias básicas

Obxectivos Xerais

1. Concienciar e sensibilizar á Comunidade Educativa sobre a importancia dunha adecuada convivencia escolar e sobre os procedementos para melloralala.
2. Respetar, fomentar e difundir as Normas de Convivencia co fin de que se adopte un comportamento que se axuste ao modelo educativo do Centro, e permita respectar e desenvolver os dereitos e deberes de todos os membros da Comunidade Educativa.
3. Fomentar os valores, as actitudes, e as prácticas que permiten mellorar o grado de aceptación e cumprimento das normas, e avanzar no coñecemento e comprensión doutras formas de vida e modos de pensar, o respecto aos Dereitos Humanos, e a conciencia de que formamos parte dunha sociedade multicultural e multiétnica.
4. Promover unha cultura para a cidadanía que supón un exercicio de autonomía e responsabilidade individual e colectiva, de participación e solidariedade.
5. Construír unha práctica de diálogo, participativa e democrática.
6. Buscar alternativas non violentas ante toda clase de violencia e ameazas da convivencia.
7. Facilitar a prevención, detección, tratamento, seguimento e resolución dos conflitos que poidan suscitarse no Centro, e aprender a utilizalos como fonte de experiencia de aprendizaxe.

Obxectivos específicos do Plan de Convivencia

1. Promover, establecer e desenvolver as actuacións relativas ao fomento da convivencia.
2. Fomentar e favorecer a convivencia no Centro como parte indispensable na formación do alumno, que lle permita conseguir o pleno desenvolvemento da súa personalidade, de acordo co modelo educativo do propio Centro.
3. Facer respectar a liberdade de conciencia, as conviccións relixiosas, morais e ideolóxicas, o respecto á integridade física, á dignidade e intimidade persoal de todos os membros da comunidade educativa.

4. Promover e fomentar a non discriminación de ningún membro da Comunidade Educativa por razón de nacemento, raza, sexo ou calquera circunstancia persoal ou social.
5. Facer respectar, valorar, utilizar correctamente e compartir os bens inmoables e as instalacións do Centro.
6. Establecer o cumprimento da orde e disciplina, así como o procedemento para prestar a atención educativa e impoñer as correccións oportunas, a aqueles alumnos cuxo comportamento non se axuste axeitadamente ás normas de convivencia do Centro (RRI), de acordo coas disposicións vixentes.
7. Garantir e organizar o cumprimento das normas, a atención e o coidado dos alumnos durante as actividades lectivas e non lectivas, co fin de favorecer, no grupo de alumnos, o desenvolvemento integral, ensinar a ser persoa, ensinar a convivir e pensar.
8. Mediar en situacións de conflito, fomentado o diálogo como vía para resolver as diferenzas que afectan á convivencia, ao dereito ao estudo de todos os alumnos e á vida do propio Centro.
9. Facer respectar, fomentar e difundir as Normas de Convivencia co fin de que se adopte un comportamento que se axeite ao modelo educativo do Centro e permita respectar e desenvolver todos os dereitos e deberes de todos os membros da comunidade escolar.

3.2 Contribución do Plan ao desenvolvemento das Competencias Básicas

O recoñecemento e a sensibilización de toda a Comunidade Educativa sobre a importancia de manter unha adecuada convivencia escolar e practicar unha cultura de paz e non violencia, sen dúbida vai propiciar o clima escolar adecuado no que se van a desenvolver as competencias básicas recolleitas na LOE. O Plan de Convivencia contribúe ao desenvolvemento de devanditas competencias aínda que de forma máis específica traballa estas que destacamos:

Competencia lingüística

- Utilizar a linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita que nos axuda á reflexión, representación, interpretación e comprensión de a realidade; á construción, organización e comunicación dos coñecementos; á autorregulación das accións, procedementos e comportamentos e á resolución de conflitos.

Competencia social e cidadá

- Comprender a realidade social na que vivimos, cooperar, conversar e exercer a cidadanía democrática nunha sociedade plural, así como comprometerse a contribuír á súa mellora.
- Aprender e utilizar estratexias para o afrontamento e resolución de conflitos de forma dialogante e pacífica.

Competencia para aprender a aprender

- Reflexionar sobre a necesidade de adquirir coñecementos e habilidades que permitan afrontar a resolución de conflitos pacificamente.

- Aprender a autoevaluar as situacións da vida cotiá relacionadas coa convivencia.
- Valorar as habilidades apresas como axuda para adquirir coñecementos futuros.

Competencia en autonomía e iniciativa persoal

- Desenvolver a autonomía do alumnado a través de estratexias metodolóxicas que lle permitan ó alumno traballar por si só segundo as súas capacidades, ritmo persoal e posibilidades cognitivas e afectivas.
- Aplicar valores e actitudes como a responsabilidade, a constancia, a autoestima, a creatividade, a autocrítica, o control emocional, a capacidade de elixir e establecer proxectos, afrontar problemas, así como aprender dos erros e demorar a necesidade da satisfacción inmediata.

4. O ESTILO DE CONVIVENCIA NO CPR SEMINARIO DIOCESANO SAGRADO CORAZÓN DE LUGO

Cando hoxe en día se fala tanto da educación en valores é porque nos estamos dando conta do baixos que andamos en valores morais e en valores humanos.

¿E que ocorre co resto de valores? Os estéticos, os relixiosos, os intelectuais, os útiles... están aí e non deixan de ser esenciais pero sen dúbida que son os morais os que nos permiten ordenar os restantes dunha forma axustada ás esixencias da nosa natureza ou do noso ser persoal, xa que os valores morais actúan como integradores de todos os demais e non como substitutos deles.

Un valor é algo que acompaña sempre ao bo e así dicimos que o bo ten valor e o malo non. A normatividade forma parte da nosa vida precisamente porque necesitamos valores e posto que os valores moitas veces se nos escorren e non atisbamos a velos é polo que necesitamos da norma; pero toda norma responde a algún valor ata o punto de que, valla a redundancia, unha norma sen valor é unha norma sen valor. Realmente teremos que dicir que os valores valen. Agora ben para que eses valores saian á palestra terá que intervir un suxeito humano que os capte, por iso é polo que a creatividade humana sexa tamén conformadora da realidade xa que axuda a dar a luz valores e formas de percibir valores. Dependerá desa intervención do suxeito humano a captación duns valores e non doutros.

O que si debemos facer é non confundir valor e prezo. Normalmente estamos demasiado habituados a poñer prezo ás cousas e ao final acabamos pensando que non só fixamos o seu prezo senón tamén o seu valor e aí está o erro porque un prezo si que podemos poñelo pero un valor non. Xa que logo teremos que dicir que os valores son calidades ou adxectivos reais das persoas, as cousas, as institucións e os sistemas.

O obxectivo primordial do Seminario Menor é descubrir e potenciar as vocacións sacerdotais. O valor intrínseco deste obxectivo é inalienable polo que calquera manifestación disruptiva contraria a el suporá actuar en contra do ideario do Centro e, polo tanto, poderá ser causa de amoestacións coma calquera outra actuación en contra dos valores fundamentais. Consideramos unha prioridade o enfoque vocacional e sobre todo a posibilidade real do sacerdocio como estilo de vida.

Os principais valores que potenciaremos e os disvalores que corrixiremos sempre desde a perspectiva das materias son os seguintes:

VALOR PRINCIPAL	VALORES VENCELLADOS	DISVALORES
Fe	Crenza Compromiso Espiritualidade Lealdade Confianza	Descreimento Incredulidade Ateísmo Fanatismo relixioso Desconfianza

	Austeridade	Fundamentalismo Misticismo Sectarismo
Amor Bondade	Afectividade Cordialidade Comprensión Respecto Amizade Solidariedade Perdón Xenerosidade Tolerancia Sinceridade Altruísmo Caridade Felicidade Fidelidade Reciprocidade Confidencialidade	Odio Maldade Incomprensión Indiferenza Enemistade Insolidariedade Desatención Envexa. Abandono Intolerancia Engano Traizón Rancor Infidelidade Manipulación
Vida	Esperanza Protección Respecto Responsabilidade Traballo	Aborto Eutanasia Suicidio Asasinato Pena de morte Irresponsabilidade Descoido Preguiza
Liberdade	Autonomía Independencia Dignidade Creatividade Autoestima Individualidade Comunicación Apertura Consumo crítico Orixinalidade Madurez	Escravitude Dependencia Autoritarismo Tiranía Submisión Pasividade Masificación Despersonalización Anonimato Incomunicación Consumismo acrítico Dilapidación Animismo Saturación Infantilización
Seguridade	Responsabilidade Prudencia Autocoidado	Irresponsabilidade Imprudencia Descoido

	Autocontrol Protección	Descontrol Desprotección Inseguridade Perigo Risco Temeridade
Igualdade	Dereitos Respecto Diversidade Integración Alfabetización Pluralidade	Discriminación Desigualdades Homoxeneización Pobreza Marxinación Exclusión Analfabetismo Minusvaloración Xenofobia Racismo Nazismo
Verdade	Reflexión crítica Coñecemento Autonomía Alteridade e Lucidez	Mentira Falsidade Hipocrisía Ignorancia Apatía moral Enciclopedismo
Tolerancia	Paciencia Apertura Diálogo Respecto Comunicación - diálogo - cooperación Convencer	Intolerancia Impaciencia Indiferenza Evitación Incomunicación Confrontación, guerra
Xustiza	Equidade Solidariedade Corresponsabilidade (Abrangue o expresado en: Igualdade y Liberdade)	Inxustiza Impunidade Marxinación Desemprego Desigualdades - Discriminación Racismo e xenofobia
Paz	Comprensión Convivencia Defensa Acordo Cordialidade Afectividade Bon trato Achegamento	Violencia Agresións físicas, verbais, morais ou psicolóxicas Abusos Conflitos Maltrato Execucións Torturas

	Encontro Diálogo Fraternidade	Desaparición forzada
Autoestima	Autoconcepto Autoaceptación Seguridade Pertenza Motivación Competencia Autonomía Autoconfianza Autoconciencia Apertura Creatividade Autorrealización Autodeterminación Autenticidade Espontaneidade Entusiasmo Optimismo Fortaleza Diálogo Escoita activa	Fatalismo Obediencia Submisión Pasividade Medo Dependencia Idolatría Inferioridade Hipersensibilidade Desesperanza Desánimo Apatía Rendición Frustración Culpabilidade Perfeccionismo Pesimismo Depresión Amargura Hostilidade Negativismo Debilidade Indecisión Desleigamento Vulgaridade
Saúde	Benestar Vida Sa Autocontrol Inmunización Prevenición Saneamento Hixiene Alimentación Boas costumes -hábitos saudables	Enfermidade Descontrol Desnutrición Mortalidade Imprevisión Desatención Adicións Ignorancia Contaminación Vicios
Medio Ambiente	Respecto Protección Creatividade Responsabilidade ecolóxica Admiración Estética ambiental Reciclaxe	Depredación Contaminación Deforestación Destrución Degradación Manipulación Desequilibrio Egoísmo

	Reforestación Aforro Educación	Pasividade Irresponsabilidade
--	--------------------------------------	----------------------------------

5. CONTIDOS DO PLAN DE CONVIVENCIA

5.1 Normas Xerais de Convivencia do Centro

1. O respecto á integridade física e moral e aos bens das persoas que forman a Comunidade Educativa e daqueloutras persoas e institucións que se relacionan co Centro con ocasión da realización das actividades e servizos do mesmo.
2. A tolerancia ante a diversidade e a non discriminación.
3. A corrección en o trato social, en especial, mediante o emprego de unha linguaxe correcta e adecuada.
4. O interese por desenvolver o propio traballo e función con responsabilidade.
5. O respecto polo traballo e función de todos os membros da Comunidade Educativa.
6. A cooperación nas actividades educativas ou convivenciais.
7. A boa fe e a lealdade no desenvolvemento da vida escolar.
8. O coidado no aseo e imaxe persoal e a observancia das normas do Centro sobre esta materia.
9. A actitude positiva ante os avisos e correccións.
10. A adecuada utilización do edificio, mobiliario, instalacións e material do Centro, conforme ao seu destino e normas de funcionamento, así como o respecto á reserva de acceso a determinadas zonas do Centro.
11. O respecto ás Normas de Convivencia Organización, e Funcionamento do Centro (RRI).
12. En xeral, o cumprimento dos deberes que se sinalan no RRI e na lexislación vixente.

5.2 Normas Xerais de Convivencia da Aula

1. Todos os alumnos cumprirán o horario que teñen asignado. A falta de asistencia ou atraso deberá ser xustificada polos pais ou titores legais.
2. Os alumnos non poderán abandonar o Centro en horas de clase sen autorización expresa de pais ou profesores.
3. O alumno que falte a clase entregará o xustificante ao seu Titor.

4. As ENTRADAS e SAÍDAS han de facerse de forma ordenada; sen gritos nin carreiras que poidan ser causa de molestias aos demais.
5. Os recreos realizaranse no patio e nas zonas seleccionadas para este fin.
6. Dentro do recinto do Colexio non se xogará con obxectos que poden ocasionar danos ou roturas. O paso polos espazos comúns en horario lectivo, realizarase do xeito máis silencioso posible, de forma que non interfira na realización das actividades do resto das aulas.
7. O uso dos lavabos farase nos momentos adecuados: ao principio e ao final do recreo. Non se sairá ao lavabo, salvo expresa necesidade, nin entre clase e clase nin durante a mesma.
8. Os alumnos non se asomarán polas fiestras.
9. Non se fumará no recinto escolar.
10. Todos os membros de a Comunidade Educativa respectarán responsablemente o edificio, instalacións e mobiliario, mantendo a limpeza e a orde do Centro.
11. Respectarán, coidarán e mellorarán (se é posible) os distintos materiais, procurando non despilfarrar nunca.
12. Os alumnos que, individual ou colectivamente, causen danos de forma intencionada ou por negligencia ás instalacións do Centro ou o seu material, quedarán obrigados a reparar o dano causado ou a facerse cargo do custo económico do seu reparación.
13. Os alumnos asistirán ao Centro correctamente vestidos e aseados e co material necesario para realizar as actividades correspondentes.
14. As relacións persoais basearanse en o respecto mutuo de todos os membros da Comunidade Educativa.
15. O diálogo será sempre o punto de partida para resolver os conflitos que xurdan.
16. Respectarase a integridade física e moral dos demais, absténdose de pelexas, insultos, burlas.
17. Manterase un ambiente de traballo e atención que favoreza a realización das tarefas e o respecto aos profesores/ras e compañeiros.
18. Respectarase a quenda de palabra e manterase un ton de voz moderado, evitando gritos, ruídos e calquera outro acto que impida a boa marcha da clase.
19. Cando o profesor/ra cambie de clase ou, por calquera outro motivo se ausente da aula, o alumno permanecerá, sen desorde, nela.
20. Non se traerán nin se utilizarán móbiles nin outros aparellos electrónicos (MP3, MP4, Cámaras, Consolas etc.) ao Colexio. O Centro non se fai responsable da súa perda.

21. Se un alumno imposibilita a boa marcha da clase, o Profesor/ra tomará nota diso e poñeralle unha amoestación.

5.3 A aula como lugar de escoita, atención e traballo

8. A aula estará acondicionada de tal xeito que favoreza a aprendizaxe.
9. Os seminaristas e o material de cada materia deben estar debidamente preparados antes de entrar o mestre/a.
10. Manterase a orde de colocación na aula, a non ser que o mestre/a dispoña outra cousa (colocándoa de novo ó remate da clase).
11. A puntualidade obriga a todos. Cada clase dura 50 minutos. O seminarista debe estar na aula antes de entrar o mestre/a. Agardará sentado e co material preparado; en canto entre o mestre/a na aula recibirao de pé.
12. O seminarista dirixirase ó mestre/a co respecto debido e co tratamento de "vostede".
13. As intervencións na clase serán ordenadas e sempre estarán moderadas polo mestre/a.
14. Está prohibido saír da aula sen permiso (durante a clase e no intercambio de clase).
15. O bo comportamento, a orde, o respecto ó mestre/a e ós compañeiros, a atención, a participación, a colaboración, etc, serán avaliados por cada mestre/a e teranse en conta nas cualificacións finais.
16. Os comportamentos contrarios a estes criterios serán considerados como faltas graves. Se un seminarista é expulsado dunha clase será necesaria unha entrevista entre os pais do seminarista e o titor correspondente para poder participar de novo nas clases desa materia.
17. Tres sancións graves darán lugar á expulsión temporal do centro; a reiteración á expulsión definitiva.

5.4 Protocolos de actuación

Sempre se escoitarán as partes involucradas nun conflito, procurando a solución máis democrática e xusta posible, que atenda as necesidades manifestadas por todos. A ser posible optarase por unha saída pactada e avaliable que satisfaga a todas as partes. Se non fose posible, optarase pola vía sancionadora.

Como norma xeral séguense os indicados no RRI. Sen entrar nos particulares que nel figuran, a esencia das accións sancionadoras é a seguinte:

1. Tres amoestacións por escrito constitúen unha falta grave contra as normas de convivencia.
2. Calquera falta leve reiterada tres veces se traducirá nunha falta grave.
3. As accións ás que se lles poida aplicar simultaneamente a sanción de dúas faltas leves consideraranse como faltas graves.
4. A gravidade das faltas aumentará en contía conforme ao nivel educativo alcanzado polo causante do prexuízo.

Medidas correctoras máis comúns: (É preceptivo o trámite de audiencia ao alumno e os seus representantes legais. A corrección será inmediatamente executada).

- Amoestación oral. Calquera profesor ou profesora do Centro que deberá informar por escrito ao Titor e/ou Xefe de Estudos.
- Apercibimento por escrito do profesor/a do alumno que deberá informar por escrito ao Xefe/a de Estudos.
- Realización de tarefas dentro e fóra do horario lectivo (recreos, estudos,...) que contribúan a mellorar o desenvolvemento das actividades do centro, así como a reparar o dano causado nas instalacións ou no material do centro.
- Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares do centro por un período máximo dun mes.
- Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un prazo máximo de tres días lectivos. Durante ese tempo o alumno deberá realizar as actividades formativas que se determinen.
- Suspensión do dereito de asistencia ao centro durante un período superior a tres días lectivos e inferior a quince. Durante ese tempo o alumno deberá realizar as actividades formativas que determine o Reitor e o Claustro, comunicándoo á Comisión de Convivencia.
- En situacións máis graves, cambio de grupo, de centro ou perda da escolaridade.

5.5 CRITERIOS XERAIS (RRI)

5.5.1 RESPETO

5.5.1.1 Ao Ideario do centro

- a) Os alumnos deberán dirixir o seu comportamento cara á dignidade da persoa e ao dereito á educación.
- b) Respetaranse as normas de convivencia e Ideario do centro.
- c) Respetarase a liberdade de expresión sen prexuízo dos demais membros da comunidade, das institucións e de acordo coa Constitución.
- d) As actuacións dos alumnos non poden ser contrarias nin á integridade física nin ao respecto á dignidade da persoa.

5.5.1.2 Ao persoal do centro

- a) Ningún membro da comunidade educativa debe ser discriminado por razón de lugar de orixe, idade, sexo ou calquera outra circunstancia persoal ou social.
- b) Respetarán tamén o dereito do persoal do centro a exercer a súa función sen trabas de ningún tipo. Enganar deliberadamente a calquera responsable do centro será considerado como falta leve ou grave segundo as posibles consecuencias derivadas de tal feito
- c) Non se consentirán as actitudes de menoscabo ou desprezo cara ao persoal do centro, profesores, formadores, etc.
- d) Os alumnos deben respectar a integridade e intimidade de todos os membros da comunidade educativa.

5.5.1.3 Aos compañeiros

- a) As relacións entre o alumnado deben rexerse polo diálogo e o respecto mutuo.
- b) Os alumnos deben respectar o dereito ao estudio dos seus compañeiros
- c) Deberanse respectar as pertenzas intelectuais e materiais de calquera membro da comunidade educativa.

Os delegados de curso son a canle de comunicación adecuada para interpelar a calquera órgano de dirección do centro.

5.5.2 RESPONSABILIDADE

5.5.2.1 *Ante o rendemento formativo particular e colectivo*

- a) Os alumnos teñen a responsabilidade de realizar as tarefas puntualmente e coa suficiente completitude.
- b) Os alumnos teñen o dereito de que sexan corrixidas as súas tarefas e deber de corrixilas.
- c) Cada alumno deberá recoller dalgún modo a información parcial do seu rendemento. Así poderá coñecer en calquera momento o seu estado de cualificación.
- d) Todos os alumnos teñen a obriga de dispoñer do material escolar imprescindible para cada materia.

5.5.2.2 *Gardas*

Predeterminaranse os profesores e clases en horario lectivo para acoller os alumnos que por calquera circunstancia queden desatendidos. Distinguiranse dúas situacións:

- a) aquelas na que o coñecemento da ausencia do profesor se coñece con antelación.
- b) aquelas que se produzan de forma inminente e imprevista.

- a) No caso de coñecerse con antelación:

O número de veces que un profesor apareza na carteleira de substitucións será proporcional ao número de horas de clase que imparta.

Xestionarao e supervisará a Xefatura de Estudos que avisará o profesor encargado coa maior brevidade posible do grupo, hora e lugar da garda.

- b) Casos imprevistos.

Serán os delegados de curso os que avisen ao xefe/a de estudos da ausencia do profesor se non hai notificación diso.

O formador ou o xefe/a de estudos deberá localizar ao profesor que, por quenda, lle corresponda ata atopar algún dispoñible. Este pasará a ocupar o último lugar na lista de gardas.

O profesor encargado levará os dous grupos de alumnos (os que lle correspondesen por horario e os que acolle), á aula prevista para realizar as actividades que considerase oportunas.

5.5.2.3 *Nos modos*

- a) Está prohibido copiar nos exames ou valerse de calquera argucia para beneficiar ou beneficiarse ilegalmente durante a realización de probas avaliativas.
- b) As reclamacións puntuais a algún exame realizaranse por escrito o profesor correspondente. En caso de que non haxa acordo, presentaranse por escrito á Xefatura de Estudos. As presentadas de forma insolente serán motivo de sanción.
- c) Realizarase un uso adecuado do vocabulario, ton, forma e modo de dirixirse aos demais no centro.
- d) O desprazamento polo interior do edificio (corredores, escaleiras, baños,...) deberá realizarse andando. Evitaranse as carreiras, saltos, aglomeracións e pelexas nestes.

Os alumnos non deberán obstruír ou dificultar o acceso a lugares comúns como aseos, salas de xogos, aulas, etc. Os aseos non son lugares de reunión e o coidado na súa hixiene e estado de conservación son deber de todos os membros da comunidade. Os tumultos en entradas e saídas de clase e as carreiras inxustificadas tamén serán sancionados.

5.5.2.4 Na regulamentación

- a) Todos os alumnos deberán estar no centro á hora convida tanto para o lectivo coma para o extra-académico. Durante o horario académico ningún alumno pode ausentarse do centro sen causa xustificada, salvo autorización por escrito de algún responsable educativo (reitor, xefe de estudos, titor/formador, profesor). Posteriormente o alumno deberá entregar ao titor/formador a autorización da devandita saída. Os alumnos menores de idade que deban saír extraordinariamente do centro deberán ir acompañados dalgún adulto responsable.
- b) O alumnado non pode saír da aula entre clases nin permanecer nos corredores salvo permiso expreso de algún responsable educativo. O alumnado non poderá saír da aula entre clases salvo permiso expreso dun profesor ou titor nin poderá permanecer nos corredores. Cando un grupo de alumnos, por traslado de aula, teña que esperar para entrar noutra permanecerá en silencio, situándose de maneira que permita a máxima fluidez nos cambios.
- c) Ao soar o timbre de entrada a clases, os alumnos deberán dirixirse á aula correspondente con dilixencia e esperarán o profesor dentro dela coa porta aberta. Así mesmo permanecerán sentados no seu lugar, en silencio, e co material escolar preparado para o seu uso. Durante os traslados de clase en horas lectivas, os alumnos permanecerán en silencio e sen causar interferencia ningunha coas outras clases.

En caso de ausencia ou atraso dalgún profesor, o alumnado deberá permanecer sentado no seu lugar, en silencio ata que chegue o profesor ou formador de garda. Se fose necesario será o delegado o que se encargue de avisar da ausencia do profesor.

- d) Os alumnos non poderán permanecer na aula durante o tempo de recreo ou durante a hora de saída de clase, salvo que o profesor ou titor estea presente ou quede garantida por este a debida atención ao alumno.

Durante o recreo ningún alumno debe permanecer en zonas onde se desenvolvan actividades lectivas, salvo permiso dalgún profesor.

- e) En cada avaliación os titores/formadores de grupo entregaranlles aos alumnos un boletín informativo coas notas correspondentes para presentalos aos pais ou titores legais, que deberán asinar e que, posteriormente, os alumnos devolverán ao seu titor/formador no prazo de tres días dende que lles foron entregadas.

- f) Está prohibido suplantar a personalidade doutros

As reclamacións ás cualificacións presentaranse por escrito dirixidas ao xefe de estudos ou ao director do centro.

Os alumnos poderán reclamar contra as cualificacións parciais ou finais nun prazo de cinco días, agás para o alumnado de segundo de Bacharelato, para o que a Dirección Xeral de Centros establece dous días para a reclamación sobre cualificacións finais.

As reclamacións puntuais serán atendidas en prazo e forma segundo conveñan de mutuo acordo o profesor e o alumno interesado.

Os libros de texto non se poden cambiar nun prazo mínimo de catro anos, salvo casos excepcionais.

Os profesores/ás teñen a obriga de pasar lista nas súas clases e anotar as faltas e atrasos dos alumnos nos partes para que os formadores/titores poidan controlalas e llelas comunicar aos seus pais ou titores legais.

Respecto aos exames, se a duración xustificada da ausencia non permite a súa realización no período da avaliación, co consello do formador/titor e do departamento de Orientación, enviaranse ao domicilio as probas, exames ou traballos alternativos adecuados á fin avaliativa.

Calquera tipo de sanción, grave ou leve, será comunicado por escrito aos pais ou titores legais do alumno que, unha vez asinada, deberán remitila de novo ao titor/formador.

As faltas de asistencia a clase dos alumnos deberanse xustificar segundo o modelo impreso que se lles entregará en conserxaría, asinado polos seus pais ou titores legais e entregado ao titor/formador nun prazo non superior a tres días dende que se produciu a falta. Se a falta xa estaba prevista entón o seu xustificante, asinado polos pais ou titores legais, debe ser entregado con suficiente anterioridade.

As xustificacións de ordinario serán as de carácter médico. En calquera outro tipo de xustificación, serán os propios pais ou titores do alumno quen, persoalmente ou por escrito,

manifestarán o motivo da ausencia ante o formador/titor. A validez desta última será valorada polo formador/titor quen poderá aceptala ou non.

Todos aqueles alumnos que, por motivos razoables, non poidan chegar á hora de comezo de clases ou teñan que saír antes da hora marcada deberán comunicalo e xustificalo previamente ante o formador/titor ou ante a xefatura de estudos.

As ausencias xustificadas dun alumno durante períodos iguais ou superiores a tres días lectivos deberán contemplar a inclusión de traballos alternativos similares aos que se realicen de ordinario na aula, que se entregarán ao regreso para a súa corrección.

Son competentes para aplicar este tipo de sanción todos os profesores das materias en que se produzan as faltas.

5.5.2.5 Coidado do material

- a) Respetaranse os recursos comunitarios e persoais. O alumnado estará obrigado a facer un uso axeitado do material, dependencias, instalacións e lugares do ámbito escolar, coidando en todo instante de manter as debidas condicións de limpeza e hixiene destes, non estando permitido tirar papeis ou lixo ao chan ou deixalos por desidia en calquera lugar non pertinente.

Os libros que gratuitamente se distribúen aos alumnos diso deberán de usarse con extremo coidado para conservalos en bo estado ata finalizar o curso.

- b) A aula debe presentar un aspecto coidado, limpo e ordenado para favorecer o traballo e a convivencia.
- c) Ao comezo de curso, os titores/formadores e os profesores responsables de aulas- obradoiro e laboratorios comprobarán o seu estado e realizarán un inventariado do contido. No transcurso do curso académico os docentes responsables levantarán acta dos danos e incidencias observadas. Serán responsables de aquelas os alumnos que fagan uso durante o ano destes lugares debendo sufragar os gastos por reparación do dano.

Relativas ao material escolar

- d) Non se empregará o material escolar para outros fins distintos dos que está destinado.
- e) Non se permitirá empregar os instrumentos ou ferramentas dunha materia como elementos de distracción noutras materias.

5.5.3 PARTICIPACIÓN en aras de:

5.5.3.1 *A eficiencia do sistema formativo*

Os alumnos teñen o dereito e deber de asistir ás clases puntualmente todos os días sinalados no calendario escolar. Tamén teñen o dereito de participar nas actividades do centro recollidas no plan de estudos.

- a) Os alumnos participarán nas tarefas de clase con interese e competencia.
- b) É de carácter obrigatorio tomar diariamente notas das explicacións. Os cadernos estarán ordenados e en bo estado de conservación. Non deberán conter raiaduras, pintadas, manifestacións insolentes nin incluír engadidos non pertinentes.
- c) Calquera alumno que sexa chamado a presentarse ante un membro do cadro de persoal deberá obedecer con dilixencia.
- d) Os alumnos deben seguir as orientacións do equipo formativo respecto da súa aprendizaxe e mostrando en todo momento respecto e consideración.
- e) Calquera alumno que contraveña as normas básicas de comportamento fose de clase poderá ser amoestado por calquera responsable formativo tanto dentro como fóra do ámbito escolar.
- f) Ningún alumno debe alterar o normal desenvolvemento da clase. Ningún alumno debe distraer ou distraerse en tempo de clase con elementos lúdicos, artificiosos, xornais, revistas, instrumentos electrónicos, etc.
- g) Os alumnos deberán respectar a orde nas intervencións que fagan en clase. Para establecer unha orde de intervención alzarán a man sen máis. O profesor dará quenda procurando seguir un criterio de orde pero ningún alumno deberá interpretar que esta orde ha de ser estritamente secuencial (é imposible ás veces determinar os que son os que van levantando primeiro a man). As intervencións disruptivas ou fose correspondente serán motivo de amoestación.
- h) Os delegados de curso serán os encargados de ter listo o parte de clase e os xices.
- i) As tarefas que se desenvolvan en grupo deberán contar coa participación de todo o alumnado. Cada alumno debe participar delas activamente.
- j) Non se poderán practicar nas aulas xogos de azar.

5.5.3.2 *O Proxecto Educativo do centro*

- a) A colaboración no traballo debe ser asunto de todos os compoñentes da aula. Ningún alumno debe adoptar actitudes intransixentes, acaparadoras ou negligentes no traballo en grupo.
- b) Os alumnos teñen o dereito de poder practicar os seus coñecementos e procedementos.
- c) Os seminaristas de cursos superiores adoptarán unha actitude exemplarizante cara aos seus compañeiros máis novos. Así poderán o máximo coidado en promover virtudes como a solidariedade, o respecto e o decoro.

5.5.3.3 O bo clima dentro da aula que leve consigo a mellorar o rendemento

- a) Os horarios aprobados para o desenvolvemento de calquera actividade lectiva do centro deberán ser cumpridos e respectados.
- b) O material escolar pertencente a cada aula usarase seguindo sempre as indicacións do profesor.

5.5.4 HÁBITOS SAUDABLES DE VIDA

O coidado da saúde propia e allea será un obxectivo fundamental de todos os membros da comunidade educativa.

- a) As normas básicas de hixiene persoal serán respectadas en todo momento e lugar. Vestir axeitadamente, coidar a imaxe e os hábitos no aseo é deberes de obrigado cumprimento.
- b) Non se poderán manipular no centro sen consentimento e presenza dun profesor ou titor substancias combustibles, tóxicas, cáusticas ou nocivas para a saúde.
- c) Quedan prohibidos os xogos con obxectos punzantes, cortantes, contundentes ou lesivos así como obxectos que poidan provocar cegamentos, atordamento acústico e queimaduras.
- d) Evitaranse no posible todas aquelas actividades que poidan provocar algún risco ou dano físico ao alumno.
- e) As lambetadas non substituirán a comida. Restrinxirase o consumo de lambetadas en aulas e estanzas colectivas de reunión.
- f) Os medicamentos serán administrados directamente polo formador/titor. Os alumnos non se poderán automedicar.
- g) Non se permite o consumo de drogas (tabaco, alcohol, ou calquera outra substancia nociva para a saúde) en ningún lugar do centro educativo.

- h) Cando se observe algunha carencia física nun alumno como pode ser a falta de oído ou de visión, notificarase o antes posible aos pais ou titores.
- i) Non se desbotarán obxectos (de hixiene persoal, material escolar, restos de comida,...) en calquera lugar, senón que deberán eliminarse nos colectores habilitados para tal efecto.
- j) As necesidades fisiolóxicas satisfaranse nos lugares habilitados a tal fin. Non se pode chuspir no chan.

5.5.5 URBANIDADE

5.5.5.1 *Na comunicación*

- a) Conversarase con educación. Manterase un ton de voz axeitado nas conversacións. Non se poderá vociferar nas aulas, corredores etc. Conversarase respectando as intervencións dos distintos interlocutores.

Pediranse as cousas con cortesía.

Actuarase con deportividade nos xogos.

- b) Non se falará coa boca chea e comerase con ela pechada.

5.5.5.2 *No protocolo*

- a) Os alumnos deberán gardar a debida compostura en todo momento e lugar. Neste sentido evítaranse as pelexas, os berros, carreiras, vocabulario inadecuado ou basto, falta de acomodo, alboroto en reunións, etc.

Os alumnos deberán ser coherentes nos modos e nos tempos das intervencións.

Por principio manteranse actitudes de cortesía en calquera lugar do centro. Os alumnos deberán ceder o paso ás persoas maiores en lugares de paso estreito como portas, escaleiras, etc. Tampouco deberán acceder a ningunha estanza a empuxóns. O mesmo se aplicará á preferencia de asento.

- b) Durante as horas de clase non se permiten teléfonos móbiles, aparellos de radio, gravadoras, ou similares.
- c) Os alumnos deberán adoptar no seu pupitre posturas que lles permitan desenvolver axeitadamente o traballo.
- d) En caso de establecerse algún tipo de lista gardarase escrupulosamente a quenda.
- e) Non se consentirá a posesión, tráfico ou uso de material pornográfico, impúdico e belicoso.
- f) Os actos académicos e relixiosos non se poderán importunar con conversacións, xogos, enredos ou aparatos electrónicos en funcionamento.
- g) Non se poderán traer animais ao centro sen consentimento dalgún profesor ou titor.

5.6 SANCIONES

5.6.1 RESPETO

5.6.1.1 *Ao Ideario do centro*

Ref. art. 1.1.a.

A vengatividade e a belixerancia consideraranse como faltas graves. Calquera tipo de agresión física será considerado como falta grave ou moi grave.

A rebeldía, as actitudes desafiantes e o asaño consideraranse faltas graves ou moi graves.

Tamén se considerará falta grave a agresión verbal ou psicolóxica continuada entre membros do alumnado.

Ref. art. 1.1.b.

Negarse a recibir correccións dos docentes non asumindo os erros cometidos supón unha falta leve se non é con reiteración. Noutro caso será considerado falta grave.

As actitudes de instigación, complicidade e ocultamento consideraranse faltas leves ou graves segundo as consecuencias do feito de que facer promoción pretenden ou esconder.

Ref. art. 1.1.c.

As manifestacións de tipo pexorativo ou indecorosas así como a linguaxe basta poderanse considerar faltas leves ou graves segundo a magnitude do escarnio.

Ref. art. 1.1.d.

A discriminación activa será considerada como falta grave. As actitudes discriminantes consideraranse como falta leve.

O desprezo aos demais considerárase falta grave sempre que non exista unha desculpa inmediata. Neste caso será considerado falta leve.

5.6.1.2 *Ao persoal do centro*

Ref. art. 1.2.a.

A falta de respecto a calquera adulto sexa membro ou non da comunidade educativa será considerado como falta grave ou moi grave.

Molestar calquera membro da comunidade mediante obxectos, ameazas, malos modos, burlas, insultos e humillacións será motivo de falta leve ou grave segundo o grao do prexuízo ocasionado. A corrección mediante desculpa poderá reducir a gravidade da falta.

Ref. art. 1.1.b.

O engano deliberado a un responsable do centro será falta leve ou grave segundo a contía da falsidade. A corrección mediante desculpa poderá reducir a gravidade da falta.

Ref. art. 1.1.c.

As insinuacións, as preguntas capciosas ou maliciosas, as afirmacións fóra de ton ou irrespectuosas que non vaian acompañadas da inmediata rectificación poderán ser consideradas faltas leves. En todo caso serán motivo de apercibimento.

5.6.1.3 Aos compañeiros

Ref. art. 1.3.a.

O uso de alcumes para dirixirse ás persoas en ámbitos públicos será considerado como falta leve.

As discusións agresivas ou fóra de ton entre alumnos consideraranse falta leve.

As ameazas e coaccións serán faltas graves.

Ref. art. 1.3.b.

Interromper deliberadamente o proceso de estudo ou aprendizaxe dos compañeiros considerarase falta leve.

Ref. art. 1.3.c.

Copiar o traballo dos compañeiros e as súas tarefas será considerado falta leve.

5.6.2 RESPONSABILIDADE

5.6.2.1 Ante o rendemento formativo particular e colectivo

Ref. art. 2.1.a.

O feito de non entregar debidamente completados os traballos asignados para un período de ausencia igual ou superior a tres días suporá unha falta leve.

Ref. art. 2.1.b.

Os alumnos que non corrixan os seus exercicios ou non tomen os apuntamentos indicados polo profesor será apercibidos. Despois de ser apercibido por este motivo en máis de tres ocasións pasarán a ter unha falta leve.

Ref. art. 2.1.c.

Os alumnos que manifesten descoñecemento do seu estado avaliativo serán amoestados e se non existe emenda pasarán a ter unha falta leve.

Ref. art. 2.1.d.

Non traer o material escolar para cada materia será motivo de falta leve se se repite en máis de tres ocasións.

Non traer a axenda en máis de tres ocasións será motivo de falta leve.

Non traer o material escolar necesario para o transcurso dunha clase será considerado falta. Amoestarase aquel alumno que en tres ocasións non trouxese o material escolar oportuno. Dúas amoestacións por este motivo ou pola demora en preparar o material ao comezo de clase considerarase falta leve.

5.6.2.2 Nos modos

Ref. art. 2.2.a.

Copiar ou beneficiarse ilegalmente en probas avaliativas será sancionado con falta leve.

Ref. art. 2.2.b.

As reclamacións presentadas de forma insolente serán motivo de sanción grave.

Ref. art. 2.2.c.

O uso de expresións malsoantes será sancionado mediante a amoestación que pasará a ser falta leve se hai reiteración e non se corrixe a actitude..

As aldraxes, blasfemias e xestos serán sancionados con falta grave.

Ref. art. 2.2.d.

Será falta leve saltar, discutir, pelexar e correr polos corredores.

5.6.2.3 Na regulamentación

En concordancia co artigo 44.2 do Real Decreto 732/95, establécese que o número de faltas de asistencia a clase de modo reiterado que provocan a imposibilidade da aplicación correcta dos criterios xerais de avaliación en materias de dous, tres ou catro horas semanais son: catro, seis e oito respectivamente. Neste sentido os alumnos que acumulen este número de faltas inxustificadas serán sancionados cunha falta leve comunicada por escrito aos pais ou titores e que constará no seu expediente.

Ref. art. 2.3.a.

A falta de puntualidade será motivo de sanción. Tres faltas de puntualidade reiteradas serán sancionadas con levidade. Tres faltas de puntualidade suporán o equivalente a unha falta de asistencia.

O absentismo inxustifico será motivo de falta leve, non menos grave que a falta de puntualidade. Tres ausencias sen xustificar suporán unha falta grave. En caso de que o alumno acumule dúas faltas leves por absentismo perderá o dereito de avaliación continua e examínase mediante unha proba extraordinaria que para tal efecto realizará cada departamento didáctico.

Ref. art. 2.3.b.

A saída da aula sen autorización será motivo de falta leve.

Ref. art. 2.3.c.

Todo alumno que no comezo de clase non se atope sentado e co material escolar preparado será sancionado con falta leve.

Ref. art. 2.3.d.

Calquera alumno que, sen permiso, permaneza na aula durante o tempo de recreo ou á saída de clase será sancionado con falta leve.

Ref. art. 2.3.e.

O alumno que non devolva asinado o boletín informativo de notas no prazo previsto será sancionado con falta grave. Tamén será sancionado con falta grave o alumno que entregue o devandito boletín manipulado ou deteriorado.

Ref. art. 2.3.f.

Calquera alumno que se faga pasar por outra persoa, tanto en actuacións persoais como académicas, será sancionado con falta grave.

5.6.2.4 Ao material

Ref. art. 2.4.a.

Aqueles alumnos que non fagan un uso axeitado dos libros e os devolvan deteriorados poderán ser privados do dereito á gratuidade no seguinte curso, e terán que aboar o seu importe.

A reparación de danos materiais (pintadas, roturas, deterioracións, etc) correrá a cargo do causante ou causantes. En caso de non se coñecer o responsable directo a reparación do dano correrá a cargo dos alumnos que fagan uso do material ou dependencia.

Extraviar deliberadamente o material escolar común ou alleo considerarase como falta grave. É obrigada a restitución ou, noutro caso, a compensación económica das perdas ocasionadas.

Furtar material común ou alleo será falta grave que pasará a ser leve se se restitúe o roubado ou o seu valor en metálico.

O mal uso do material escolar dunhas materias noutras tratarase como falta leve.

Ref. art. 2.4.b.

Estragar o material escolar común ou alleo ou mantelo en pésimas condicións de limpeza e conservación será motivo de sanción leve.

Ensuciar a aula será falta leve se non se emenda inmediatamente o prexuízo causado.

Ref. art. 2.4.c.

Os alumnos que, tras causar un dano, non sufraguen os gastos de reparación ou non restitúan o danado sancionaranse cunha falta grave.

Ref. art. 2.4.d.

O uso do material escolar para outros fins dos que está destinado será considerado como mínimo falta leve

Ref. art. 2.4.e.

A distracción propia e/ou allea con instrumentos ou ferramentas fóra do ámbito propio de uso destes será considerado falta leve.

5.6.3 PARTICIPACIÓN en aras de:

5.6.3.1 A eficiencia do sistema formativo

Ref. art. 3.1.a.

Desorganizar o tempo de clase considerarase falta grave.
A demora reiterada en preparar o material para a clase que comeza será motivo de falta leve.

Ref. art. 3.1.b.

Aqueles alumnos que non tomen notas nas explicacións e / ou os seus cadernos estean deteriorados serán apercibidos; se se reitera o apercibimento considerarase falta leve.

Ref. art. 3.1.c.

Calquera alumno que sexa chamado ante un membro do claustro e non obedeza con dilixencia será sancionado con falta leve.

Ref. art. 3.1.d.

Calquera alumno que non siga as orientacións do equipo formativo será sancionado con falta grave.

Ref. art. 3.1.e.

Amoestarase o alumno que contraveña as normas básicas de comportamento fóra de clase.

Ref. art. 3.1.f.

Considerarase falta leve alterar a orde da clase, así como calquera tipo de distracción que prexudique aos compañeiros e / ou profesores.

Ref. art. 3.1.g.

Non respectar a orde nas intervencións será motivo de apercibimento. Tres amoestacións por este motivo constituirán unha falta leve.

Ref. art. 3.1.h.

Os delegados de curso que non se encarguen de ter listo o parte de clase nin os xices perderán o cargo, pasando a ocupalo o subdelegado.

Ref. art. 3.1.i.

Os alumnos que non participen activamente nas actividades ou se desentendan delas, serán sancionados con falta leve.

Ref. art. 3.1.j.

Non se poderán practicar nas aulas xogos de azar.

5.6.3.2 O Proxecto Educativo do centro

Ref. art. 3.2.a.

Ningún alumno prexudicará o traballo do grupo, considerándose falta grave a intransixencia ou abuso na súa elaboración.

Ref. art. 3.2.b.

Ningún alumno irá contra o dereito dos seus compañeiros de poder practicar e manifestar os seus coñecementos e procedementos. De ser así considerárase o acto como falta leve.

Ref. art. 3.2.c.

Calquera seminarista de cursos superiores que utilice os máis novos no seu proveito será sancionado con falta grave.

5.6.3.3 Creando un bo clima dentro da aula que leve consigo a mellorar o rendemento

Ref. art. 3.3.a.

As intervencións disruptivas ou desafiantes serán motivo de falta leve.

Ref. art. 3.3.b.

Non seguir as indicacións do profesor á hora de utilizar o material de clase será motivo de falta leve.

5.6.4 HÁBITOS SAUDABLES DE VIDA

Ref. art. 4.1.a.

Cando calquera ámbito do centro non reúna as condicións de salubridade e hixiene pertinentes e o motivo sexa causado pola mala actuación dos alumnos ou á súa negligencia entón serán estes os encargados da limpeza do devandito ámbito. Non reunir as condicións de aseo e pulcritude que se esixen para estar no centro suporá unha falta leve ou talvez grave en caso de non haber pronta corrección. Levar roupas marcadamente ofensivas, denigrantes, bastas ou malintencionadas será motivo de falta leve.

Ref. art. 4.1.b.

A manipulación de calquera substancia nociva, tóxica, combustible ou cáustica sen permiso será obxecto de falta grave.

Ref. art. 4.1.c.

O uso de obxectos punzantes, cortantes, contundentes ou lesivos, así como obxectos que poidan provocar cegamentos, atordamento acústico ou queimaduras considerarase falta leve e grave en casos de alto risco.

Ref. art. 4.1.d.

Calquera actividade que poida provocar dano físico a un alumno será considerado como falta leve ou grave segundo a magnitude do dano.

Ref. art. 4.1.e.

Xogar coa comida, tirala, rexeitala ou substituíla por lambetadas será obxecto de falta leve.

Ref. art. 4.1.f.

A automedicación será considerada falta grave.

Ref. art. 4.1.g.

Calquera consumo ou posesión de drogas (tabaco, alcohol ou calquera outro tipo de substancia prexudicial para a saúde) no centro educativo será motivo de falta grave.

Ref. art. 4.1.h.

Non informar, mofarse ou rirse dalgunha carencia física dun alumno considerarase falta.

Ref. art. 4.1.i.

O abandono de obxectos en lugares non habilitados para tal efecto e que poidan ocasionar un trastorno ou deterioración das instalacións ou na saúde pública será considerado falta leve ou grave segundo o prexuízo causado.

Ref. art. 4.1.j.

Será falta leve satisfacer as necesidades fisiolóxicas en lugares non habilitados para tal fin ou chuspir no chan.

5.6.5 URBANIDADE

5.6.5.1 Na comunicación

Ref. art. 5.1.a.

Calquera falta de cortesía, deportividade ou educación será considerada falta leve.

Ref. art. 5.1.b.

Falar coa boca chea e ser groseiros ao mastigar será apercibido e de non haber corrección será falta leve.

5.6.5.2 No protocolo

Ref. art. 5.2.a.

A falta de modais para pedir algo ou dirixirse a alguén ou dar explicacións será motivo de apercibimento ou falta leve.

Non traer o equipamento deportivo para as actividades que o requiran, así como usalo inapropiadamente, estará sancionado cunha falta leve. Así mesmo non se aceptará ningunha outra vestimenta que non sexa adecuada para o centro.

Ref. art. 5.2.b.

A posesión e/ou uso de teléfonos móbiles, radios, gravadoras ou similares será considerado falta leve.

Os obxectos que dificulten o traballo en clase e non teñan ningún valor educativo, xeralmente traídos polos alumnos das súas casas, retirarse e repartirán ao final de cada trimestre. En todo caso serán os pais os que poidan vir a recuperalos antes de que se cumpra este prazo.

Ref. art. 5.2.c.

As posturas "relaxadas" serán motivo de apercibimento ou mesmo sanción.

Ref. art. 5.2.d.

Un alumno que non respecte a quenda que se lle concedeu será apercibido ou sancionado con falta leve.

Ref. art. 5.2.e.

A posesión, tráfico ou uso de material pornográfico, impúdico e belicoso será considerado como falta leve se é a nivel particular e grave se é a nivel colectivo.

Ref. art. 5.2.f.

Importunar calquera acto académico ou relixioso será considerado falta.

Ref. art. 5.2.g.

Traer animais ao centro sen o consentimento dalgún profesor será considerado falta.

5.6.6 DE APLICACIÓN XERAL

1. Tres amoestacións por escrito constitúen unha falta grave contra as normas de convivencia.
2. Calquera falta leve reiterada tres veces se traducirá nunha falta grave.
3. As accións ás que se lles poida aplicar simultaneamente a sanción de dúas faltas leves consideraranse como faltas graves.
4. A gravidade das faltas aumentará en contía conforme ao nivel educativo alcanzado polo causante do prexuízo.

5.7 SOBRE O PROTOCOLO DE INTERVENCIÓN ANTE MÚLTIPLES INCIDENCIAS

5.7.1 Das correccións previstas ante faltas leves

O artigo 48 do Real Decreto 732/95 establece que as condutas contrarias ás normas de convivencia do centro poderán corrixirse conforme ao seguinte protocolo:

- a) Apercibimento en privado.
- b) Amoestación privada ou por escrito que será comunicada á familia, formador e/ou xefe de estudos.
- c) Comparecencia inmediata ante o/a Xefe/a de estudos.
- d) Realización de traballos específicos ou actividades de recuperación en horario non lectivo.
- e) Realización de tarefas que contribúan á mellora das actividades do centro ou, se procede, dirixidas a reparar o dano causado ás instalacións ou ao material do centro ou ás pertenzas doutros membros da comunidade educativa.
- f) Suspensión do dereito a participar en actividades extraescolares ou complementarias do centro.
- g) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un prazo máximo de tres días. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumno deberá realizar os deberes que se determinen para evitar a interrupción do proceso formativo.
- h) Suspensión do dereito a asistencia ao centro por un prazo máximo de tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumno deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción do proceso formativo.

5.7.2 Da competencia para decidir as correccións previstas no artigo anterior

1. Se algún alumno altera o transcurso normal de calquera actividade académica será amoestado polo profesor, formador ou titor oportuno. As incidencias leves e graves poranse en coñecemento da xefatura de estudos ou da dirección o antes posible.
2. Segundo o establecido no punto un do artigo 49.del R.D. 732/95, son competentes para decidir as correccións previstas no artigo anterior:
 - a) Os profesores do alumno, oído este, as que se establecen nos parágrafos a) e b) precedentes, dando conta ao formador/titor e ao Xefe/a de estudos.
 - b) O titor do alumno, oído o mesmo, as correccións que se establecen nos parágrafos a), b),c) e d).
 - c) O/a Xefe/a de estudos, oído o alumno e o seu profesor/titor, as correccións previstas nos parágrafos b), c), d), e) e f).
 - d) O Reitor, oído o alumno, as establecidas nos parágrafos g) e h). O Reitor, oído o formador/titor e o equipo directivo, tomará a decisión tras oír ao alumno e, se é menor de idade, aos seus pais ou representantes legais, nunha comparecencia da que se levantará acta. O Reitor aplicará a corrección prevista no parágrafo h) sempre que a conduta do alumno dificulte o normal desenvolvemento das actividades educativas.

As condutas contrarias ás normas de convivencia no centro prescriben no prazo dun mes, contado a partir da data da súa comisión. As correccións impostas como consecuencia destas condutas prescriben ao finalizar o curso escolar.

5.7.3 Reclamación dos pais ás correccións impostas ante o delegado provincial

Segundo o artigo 50 do R.D. 732/95, o alumno, ou os seus pais ou representantes legais, poderán presentar unha reclamación no prazo de corenta e oito horas ás correccións impostas, correspondentes aos parágrafos g) e h) do artigo 48, ante o delegado provincial, que resolverá e porá fin á vía administrativa.

5.7.4 Designación do profesor instrutor

De acordo co establecido no artigo 51 do R.D. 732/95, non poderán corrixirse as condutas gravemente prexudiciais para a convivencia do centro sen a previa instrución dun expediente que, tras a recollida da necesaria información, acorde o director do centro.

5.7.5 Condutas gravemente prexudiciais para a convivencia do centro

Segundo o artigo 52 do R.D. 732/95, considéranse condutas gravemente prexudiciais para a convivencia de centro:

- a) Os actos de indisciplina, aldraxe ou ofensas graves contra os membros da comunidade educativa.
- b) A reiteración, nun mesmo curso escolar, de condutas contrarias ás normas de

convivencia do centro. Tres amoestacións por escrito.

c) A agresión grave física ou moral contra os demais membros da comunidade educativa ou a discriminación grave por calquera das razóns enumeradas no artigo 12.2 a) deste Real Decreto.

d) A suplantación de personalidade en actos da vida docente e a falsificación ou apropiación de documentos académicos.

e) Os danos graves causados por un uso indebido ou malintencionado en locais, material ou documentación do centro ou nos bens doutros membros da comunidade educativa.

f) Os actos inxustificados que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades do centro.

g) As actuacións prexudiciais para a saúde e a integridade persoal dos membros da comunidade educativa do centro ou a incitación a estas.

h) O incumprimento das sancións impostas.

5.7.6 Correccións de condutas gravemente prexudiciais para a convivencia

Segundo o establecido no punto un do artigo 53 do R.D. 732/95, as condutas enumeradas no artigo anterior poderán ser corrixidas con:

a) Realización de tarefas que contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades do centro ou, se procede, dirixidas a reparar e dano causado ás instalacións ou ao material do centro ou aos aparellos doutros membros da comunidade educativa. Estas tarefas deberán realizarse en horario non lectivo.

b) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro.

c) Cambio de grupo

d) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases durante un período superior a cinco días e inferior a dúas semanas. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumno deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

e) Suspensión do dereito de asistencia ao centro por un período superior a tres días lectivos e inferior a un mes. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumno deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

f) Cambio de centro.

O director do centro imporá as correccións enumeradas no apartado anterior en consonancia co procedemento previsto no artigo 54 deste Real Decreto. Cando se impoña a corrección prevista no parágrafo e) do apartado anterior, o director poderá levantar a suspensión do seu dereito de asistencia ao centro ou readmitilo no centro antes do esgotamento do prazo previsto na corrección, logo de comprobación de que se produciu un cambio positivo na súa actitude

As condutas gravemente prexudiciais para a convivencia do centro prescriben no prazo de catro meses, contados a partir da data da súa comisión. As correccións impostas como consecuencia destas condutas prescriben á finalización do curso escolar.

5.7.6.1 Argumentos paliativos e agravantes

Paliativos:

- O recoñecemento espontáneo do comportamento indebido.
- A falta de intencionalidade.
- A petición espontánea de desculpas.

Agravantes:

- A intencionalidade dunha acción negativa debe ser punible. Débense previr e corrixir as tentativas de distorsionar o estatus de normalidade de calquera actividade do centro.
- A premeditación.
- A reiteración.
- Os danos a menores e recién incorporados.
- Todo o que atente contra a igualdade de oportunidades.

6. DIAGNÓSTICO DA CONVIVENCIA DO CENTRO.

O Seminario Diocesano de Lugo presenta as seguintes características vitais:

- O Centro responde a un entorno socioeconómico e cultural medio.
- O Centro está situado nun entorno urbano, densamente poblado e de nivel socioeconómico alto. Máis o alumnado non procede deste entorno, senón do toda a Diocese, polo tanto o alumnado procede das provincias de Lugo, A Coruña e Pontevedra. A metade deles aproximadamente pertencen o rural e vilas das tres provincias, ó resto son dan cidade. Son alumnos que teñen moi claro o que buscan. Sendo un centro definido vocacionalmente, boa parte dos alumnos veñen a resolver posibles problemas de fracaso escolar e outros veñen con proxectos ambiguos.
- A conflictividade é moi baixa tendo un ou ningún casos graves ó ano. O diálogo coas familias é constante e a información fluída. Os casos máis severos resólvense sempre consesualmente coa familia do alumno implicado, graduando as medidas correctoras de menor a maior trascendencia.
- Os problemas máis frecuentes son: falla de hábito e disposición na clase, violencia verbal, rebeldía, impulsividade incontrolada, roces entre compeñeiros por rivalidade, condescendencia excesiva das familias ante as condutas inapropiadas, o absentismo, a impuntualidade, a falla de traballo e esforzo.

7. COMISIÓN DE CONVIVENCIA ESCOLAR

7.1 Integrantes

A comisión de Convivencia Escolar do Seminario Diocesano de Lugo está formada polos seguintes membros:

David Varela Vázquez. *Director*
M^a Dolores Carmona Álvarez. *Xefa de Estudos*
Carlos J. Presas Aguiar. *Profesor*
Daniel Gil González. *Profesor*
Miguel Leiva Torreiro. *Profesor*
Vanessa Ferreiro Blanco. *Profesora*
Un alumno de 2º Bacharelato
M^a Elena Presas Bonora. *Non docente*

Actúa de Secretario a Xefa de Estudos, M^a Dolores Carmona Álvarez.

O noso Centro, polo seu ideario específico, non posúe Consello Escolar, nin Asociación de Pais, aínda que a relación coa familia é constante e moi fluída, de aí a composición deste observatorio formado exclusivamente por profesores, alumnos e persoal non docente.

7.2 Sentido desta Comisión

A Comisión de Convivencia do Centro depende do Consello Escolar e é a encargada de dinamizar, realizar propostas, avaliar e coordinar todas aquelas actividades do Plan de Convivencia que, desde os distintos sectores da Comunidade Educativa propóñanse e poidan levarse a cabo. De forma preceptiva, o Consello Escolar, nas súas reunións periódicas, recibirá toda a información que a Comisión de Convivencia xere.

7.3 Funcións

A Comisión de Convivencia terá as seguintes funcións:

1. Canalizar as iniciativas de todos os sectores da comunidade educativa para mellorar a convivencia, o respecto mutuo, así como promover a cultura de a paz e a resolución pacífica dos conflitos.
2. Realizar un diagnóstico da situación da convivencia no Centro.
3. Adoptar as medidas preventivas necesarias para garantir os dereitos de todos os membros da comunidade educativa e o cumprimento das Normas de Convivencia do centro.

4. Desenvolver iniciativas que eviten a discriminación do alumnado establecendo plans de acción positiva que posibiliten a integración de todos os alumnos.
5. Mediar nos conflitos suscitados.
6. Coñecer e valorar o cumprimento efectivo das correccións e medidas disciplinarias nos termos que sexan impostas.
7. Propoñer no Claustro as medidas que considere oportunas para mellorar a convivencia do centro.
8. Dar conta ao pleno do Claustro e á dirección do Centro, polo menos dúas veces ao longo do curso, das actuacións realizadas e das correccións e medidas disciplinarias impostas e do estado da convivencia no Centro.

8. SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E PROPOSTAS DE MELLORA DO PLAN DE CONVIVENCIA

8.1 Informe sobre as incidencias habituais na convivencia escolar

O carácter específico do Seminario Diocesano de Lugo, esixe que o seu alumnado se vaia adecuando progresivamente ó ideario.

Ó ser un Centro vocacional, o alumnado que é coñecedor do fin específico do Seminario, acepta e valora as normas de convivencia propias do Centro. Por iso, en xeral, non existen problemas de convivencia nin conflitividade, aínda cando a metade do alumnado sexa residente interno no propio centro.

Con todo, en ocasións temos que actuar con algunhas medidas correctoras, seguindo o regulamento de réxime interno, por motivos menores. Só hai varios anos tivemos un caso conflictivo, en concreto cun alumno de 1º ESO, Mauro Hernández Fernández, procedente dunha familia desestruturada que ó longo do curso amosou como actitudes a falta de respecto ós demais, a falta de interese, a non aceptación nin obediencia ás indicacións que se lle facían, agresividade cara ós compañeiros, insultos. Non serviron para nada as mostras afectivas ou de preocupación que lle mostraba o persoal docente. Ante as axudas proporcionadas a actitude empeoraba. Todas as medidas empregadas, como proposta de metas accesibles premiadas, diálogos estimuladores e positivos ou acompañamento especial do tutor e da orientadora, fracasaron.

Un par de alumnos no curso pasado presentaron problemas disciplinarios. Despois de falar con eles os responsables do Centro, de ser apercibidos, sancionados e expulsados durante uns días, non corruxando a súa actitude contraria á convivencia e o desenvolvemento pacífico das clases, optouse consensuadamente por que cambiaran de Centro.

Estes casos mais salientables non ocultan, sen embargo, unha tendencia dos alumnos mais novos cara a unhas conductas que apreciamos cada vez mais proclives á agresividade e a pouca preocupación polas persoas e pertenzas dos demais.

8.2 Actuaciones de seguemento e avaliación en concordancia co Plan de Convivencia da Consellería de Educación

- Constitución do Observatorio da Convivencia Escolar no Centro.
- Realización da avaliación inicial. Avaliación de necesidades específicas.
- Elaboración e posta en práctica do Plan de Convivencia. Elaboración de documentos de autonomía pedagóxica, organización e xestión.
- Avaliación semestral do plan de convivencia. Reparación de defectos e carencias.

- Cuestionario de convivencia escolar no centro educativo. Recollida de información sobre un posible caso de acoso escolar. Indicadores escolares sobre un posible caso de acoso escolar. Indicadores familiares sobre un posible caso de acoso escolar. Outros casos de exclusión, violencia e maltrato.
- Previsión de posibles problemáticas futuras no Centro.
- Elaboración de sociogramas como indicadores do clima da aula e do Centro en xeral.

8.3 Aspectos básicos de avaliación inicial

O punto de partida será a clarificación de conceptos, de tal xeito que se eviten confusións provocadas polo uso dun mesmo termo sen que realmente para todos e todas signifique o mesmo.

Este enfoque necesita da implicación de toda a comunidade educativa, de xeito cooperativo, estruturado e organizado desde o Observatorio da Convivencia Escolar do Centro. As finalidades desta tarefa son:

- compartir os saberes acumulados pola propia comunidade educativa.
- reflexionar sobre os diferentes estilos docentes, buscando as posibilidades de mellora individual e colectiva.
- analizar procedementos, habilidades e destrezas utilizados na xestión da convivencia das aulas e as súas posibilidades de transferencia a outros contextos.

Un vocabulario básico de traballo podería xirar arredor de: conflito, violencia (física, psicolóxica, doméstica, simbólica, virtual...), agresividade, agresión, matonismo, acoso, vandalismo, disciplina, comportamentos disruptivos, sexismo, xenofobia, marxinação, convivencia, respecto, absentismo, tolerancia, liberdade, autonomía, autoestima, asertividade, resiliencia, civismo, empatía, mediación, colaboración, igualdade... Esta relación de termos permanecerá aberta para poder incorporar calquera outro que poida xurdir ao longo do traballo.

O seguinte paso podería basearse na análise das actuacións desenvoltas ata o momento: actuacións individuais, puntuais, do equipo directivo, dos equipos de ciclo, do departamento de orientación, da comisión de coordinación pedagóxica, da comisión de convivencia, aquelas realizadas en colaboración con outras entidades, etc.

Tras esta reflexión poderase concluír cal foi o nivel de éxito das actuacións levadas a cabo e ata que punto significaron melloras na convivencia escolar; isto vai permitir a sistematización do que funciona ben, do que podería funcionar mellor, a substitución daquelas medidas que non funcionaron e a busca de novas actuacións non contempladas ata o momento.

8.4 Avaliación de necesidades

No primeiro ano da posta en marcha do Observatorio e do Plan de Convivencia do Centro teñen unha importancia prioritaria as fases de sensibilización e de avaliación de necesidades, que se potencian mutuamente.

Na avaliación de necesidades recóllese información dos distintos puntos de vista da comunidade educativa, tendo en conta as máis amplas e variadas fontes de información e facendo unha triangulación metodolóxica que integre:

- Técnicas de cuestionario semellante para aplicar a profesorado, familias, alumnado e persoal non docente, o que permitirá comparar as distintas visións sobre a convivencia.
- Técnicas cualitativas, como entrevistas, escalas de observación, paneis de profesionais ou expertos do contorno do centro educativo.
- Análise de documentos: actas de claustros e de consellos escolares, análise de partes de clase e expedientes disciplinarios.

Satisfacer as necesidades prioritarias detectadas será o obxectivo principal do Plan de Convivencia. Ao Observatorio da Convivencia Escolar no centro corresponderalle a síntese desta información e a configuración da estrutura do Plan de Convivencia para dar resposta ás necesidades.

Nos instrumentos de avaliación contemplaranse ítems sobre as necesidades pero tamén posibles causas, implicacións na vida escolar e alternativas para mellorar a convivencia nos centros educativos e no seu contorno.

8.5 Elaboración e posta en práctica do plan: vías de traballo

- Análise e clarificación conceptual.
- Formación do profesorado na temática: que hai e que se necesita. Vías para satisfacer as necesidades detectadas.
- Habilidades comunicativas e de relación: a linguaxe asertiva.
- Problemas que existen na comunidade educativa (alumnado-familias-profesorado).
- Liñas de colaboración con outras institucións: concello (benestar social, asuntos sociais), sanidade (centros de saúde, planificación familiar, saúde mental...), xustiza (Tutelar de menores, defensa dos menores...), igualdade, ONG...
- Análise das causas e das consecuencias dos problemas detectados, realizando a pertinente ordenación en función das prioridades.
- Accións ou propostas para mellorar a convivencia desde a perspectiva do alumnado.
- Accións ou propostas para mellorar a convivencia desde a perspectiva do profesorado.
- Accións ou propostas para mellorar a convivencia desde a perspectiva das familias.
- Accións ou propostas para que as aulas e os centros sexan lugares de aprendizaxe e práctica da convivencia.
- Accións ou propostas para mellorar o clima escolar.
- Elaboración consensuada de normas de convivencia de aula e do centro.
- Accións ou propostas para mellorar a convivencia nos distintos espazos do centro (especial atención aos accesos, patios de recreo, zonas de xogo, servizos etc.),

así como nos momentos de maior actividade (entradas, saídas, cambios de clase, recreos, etc.).

- Elaboración de protocolos de notificación e actuación diante das distintas alteracións da convivencia (disrupción, violencia de xénero, agresións verbais, acoso escolar...).
- Vías de sistematización do traballo da convivencia. Revisión e adaptación dos documentos de organización e de xestión.
- Constitución de equipos plurais de tratamento e de mediación nos centros, equipos integrados por persoas representantes dos distintos sectores da comunidade: formación, posta en marcha e mantemento do equipo.
- Mellora da comunicación e coordinación inter e intrasectorial: profesorado, alumando, familias, etc.

9. BIBLIOGRAFÍA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA, *Plan de Convivencia do Centro*.

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA, *Educonvives.gal. Estratexia galega de convivencia escolar 2015-2020*.

MINISTERIO DEL INTERIOR – MINISTERIO DE EDUCACIÓN Y CIENCIA, *Plan Director para la Convivencia y Mejora de la Seguridad en los Centros Educativos y sus Entornos*.

Profesorado. Revista de currículum y formación del profesorado, 9, 1 (2005) .

AAVV, *Modelo Integrado de mejora de la convivencia*. Ed. Graó. Barcelona, 2006.

AAVV. *Cómo dar respuesta a los conflictos. La disciplina en la Educación Secundaria*. Ed. Graó. Barcelona, 1998.

FERNÁNDEZ MILLÁN, J.M. y Ortiz Gómez, M. *Los conflictos. Cómo desarrollar habilidades como mediador*. Ed. Pirámide., 2006

JARES, J.R. *Pedagogía de la Convivencia*. Ed. Graó. Barcelona, 2006.

PORRO, B. *La resolución de conflictos en el aula*. Ed. Paidós. Buenos Aires, 1999.

SALAMÍN, N. *Los conflictos cotidianos con los niños*. Ed. Medici. Barcelona, 1998.